



INFORME CLIMATOLÓXICO

PRIMAVERA 2026



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2026	4
2.1.	Temperatura.....	4
2.2.	Precipitación.....	9
3	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN	13
3.1.	Temperatura.....	13
3.2.	Precipitación.....	16
4	DIAGRAMA DE TERMOHIETAS	18

Data edición: 15/06/2026

**Primavera 2026: moi cálida e moi seca**

1 INTRODUCCIÓN

Este informe recolle unha descrición climatolóxica da primavera de 2026 (marzo, abril e maio). Para ilo, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando os **percentís do período climático de referencia 1981-2010**, incluídos na **Táboa 0.1**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos contrástanse con respecto a este período de referencia.

Percentil	Temperatura (°C)	Precipitación (mm)
Min (0%)	10.6	117
20%	11.8	235
40%	12.2	261
50%	12.4	272
60%	12.6	307
80%	12.8	420
Max (100%)	14.6	605

Táboa 0.1: Percentís de temperatura e precipitación medias da estación de primavera para o período 1981-2010.

O valor medio das series climatolóxicas dos trinta anos do período 1961-1990 e do período 1981-2010 denomínase **normal climatolóxica** e o seu uso permite establecer comparacións do tipo espacial entre distintas estacións e describir o estado climático de cada período. A utilización destes valores normais climatolóxicos serve, tamén, de referencia para valorar os comportamentos do clima e caracterizalos, ben en termos de frecuencia o en termos de anomalía, entendendo por **anomalía** a **diferenza entre o valor climatolóxico mensual o anual presentado e o normal**.



Temperatura

Para a variable temperatura (T), enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media desta primavera e o valor climático obtido con respecto ao período de referencia 1981-2010. Para obter a anomalía de temperatura, calcúlanse a anomalía media nas once estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < T_{min} 1981-2010$	Extremadamente frío
$T_{min} 1981-2010 \leq T < P20$	Moi frío
$P20 \leq T < P40$	Frío
$P40 \leq T \leq P60$	Normal
$P60 < T \leq P80$	Cálido
$P80 < T \leq T_{max} 1981-2010$	Moi cálido
$T > T_{max} 1981-2010$	Extremadamente cálido

Táboa 0.1. Cualificación da estación en función da temperatura

Precipitación

Para a variable precipitación (PP), enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada nesta primavera respecto do valor da media climática correspondente. Para obter a anomalía de precipitación, calcúlanse as anomalías medias nas dezaseis estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$PP < PP_{min} 1981-2010$	Extremadamente seco
$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P20$	Moi seco
$P20 \leq PP < P40$	Seco
$P40 \leq PP \leq P60$	Normal
$P60 < PP \leq P80$	Húmido
$P80 < PP \leq P_{max} 1981-2010$	Moi húmido
$PP > P_{max} 1981-2010$	Extremadamente húmido

Táboa 0.2. Cualificación da estación en función da precipitación



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2026

2.1. Temperatura

A **primavera** de 2026 (balance dos meses de marzo, abril e maio) foi **moi cálida**, cunha temperatura media de 13.8 °C e unha anomalía media positiva de 1.4 °C.

A primavera comezou cun mes de **marzo** no que os valores medios foron, en xeral, altos para esta época do ano, tanto os valores mínimos como os máximos. Esta anomalía débese, esencialmente, á situación anticiclónica que vivimos na segunda quincena do mes, que impulsou os termómetros cara a valores elevados, sobre todo no caso das máximas. Así, para a serie rexional de Galicia, o valor medio da **temperatura media** en marzo de 2026 foi **11.8 °C** e o valor medio da **anomalía da temperatura media** foi **0.9 °C superior** ao valor normal climatolóxico. Estes rexistros fan que o mes se poida considerar no conxunto de Galicia como **moi cálido**. En canto á media da temperatura mínima, cun valor de 6.5 °C e unha anomalía positiva de 0.9 °C, o mes resulta, tamén, moi cálido, mentres que para a media da temperatura máxima, cun valor de 17.0 °C e unha desviación positiva de 0.9 °C, cálido.

En **abril**, as temperaturas medias acadaron valores moi por riba do que cabería agardar nun mes normal, especialmente nos valores máximos, debido á frecuencia de aparición de situacións anticiclónicas que arrastraban aire cálido procedente do norte de África. Deste xeito, para a serie rexional galega, o valor medio da **temperatura media** foi **13.5 °C** e o valor medio da **anomalía da temperatura media** foi **1.6 °C por riba** do valor normal climatolóxico. Estes rexistros fan que o mes se poida considerar no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cun valor de 7.3 °C para a serie rexional e unha anomalía positiva de 0.6 °C, o mes resulta cálido, mentres que para a media da temperatura máxima, cun valor de 19.7 °C e unha desviación positiva de 2.6 °C, moi cálido.

No mes de **maio** as temperaturas foron, en media, máis altas do agardado, tanto nos valores mínimos como nos máximos. Isto enmascara un mes fragmentado en dúas partes, xa que, ata o día 19, os valores estaban a ser baixos, pero, a partir do 20, a chegada dunha masa de aire moi cálido continental propiciaba un ascenso térmico capaz non só de equilibrar as baixas temperaturas das primeiras semanas, se non de arrastrar a media cara a valores elevados. Así, para a serie rexional galega, o valor medio da temperatura media foi **16.1 °C** e o valor medio da **anomalía da temperatura media** estivo **1.7 °C por**

riba do valor normal climatolóxico. Estes rexistros fan que o mes se poida considerar no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cun valor de 10.8 °C para a serie rexional e unha anomalía positiva de 1.7 °C, o mes resulta extremadamente cálido. Para a media da temperatura máxima, cun valor de 21.4 °C e unha desviación positiva de 1.7 °C, o mes considérase cálido.

Na **Figura 1**, móstrase o mapa de temperatura media para a primavera de 2026. Segundo a información extraída do mapa, a temperatura media no conxunto da Comunidade foi 12.2 °C. Os valores máis altos, comprendidos entre 14.0 e 14.6 °C, rexistráronse na Fosa de Padrón-Tui, no val do río Tea e nas ribeiras do Miño en Ourense e Pontevedra. Os valores máis baixos, de entre 8.6 e 10.0 °C, acadáronse nas Serras máis altas da Comunidade, coma do Eixe ou de Queixa.




Figura 1: Mapa de temperatura media (°C) na primavera 2026.



A continuación, móstranse, nas **Táboas 1 e 2**, as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación da primavera de 2026 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Os días máis calorosos foron o 27 e o 28 de maio, nos cales se bateron **récords de temperatura máxima absoluta** en moitos puntos de interior.

Táboa 1: Temperatura <u>máxima máis alta</u> rexistrada na primavera de 2026 por baixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
27/05/2026	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	37.5
27/05/2026	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	36.7
27/05/2026	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	36.4
28/05/2026	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	36.4
27/05/2026	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	36.4
27/05/2026	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	36.1
27/05/2026	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	35.3
27/05/2026	Millara	PANTÓN	Lugo	35.3
27/05/2026	Xabrega	SOBER	Lugo	35.3
27/05/2026	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	35.0

Táboa 2: Temperatura <u>máxima máis alta</u> rexistrada na primavera de 2026 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2026	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	29.7
28/05/2026	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	29.6
29/05/2026	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	29.5
28/05/2026	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	29.4
28/05/2026	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	29.4
27/05/2026	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	29.2
27/05/2026	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	28.6
27/05/2026	Ancares	CERVANTES	Lugo	27.9
27/05/2026	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.4
27/05/2026	O Xistral	MURAS	Lugo	27.4



Pola súa banda, nas **Táboas 3 e 4**, móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade galega na primavera de 2026 para as estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste caso, destaca o 12 de abril como o día coas temperaturas nocturnas máis baixas, con **formación de xeadas** tanto en puntos de montaña como de val.

Táboa 3: Temperatura mínima máis baixa rexistrada na primavera de 2026 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
12/04/2026	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-5.5
12/04/2026	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-4.7
12/04/2026	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-4.6
29/03/2026	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-4.0
12/04/2026	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.5
12/04/2026	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.4
12/04/2026	Ancares	CERVANTES	Lugo	-3.3
12/04/2026	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-2.9
12/04/2026	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-2.1
12/04/2026	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-2.1

Táboa 4: Temperatura mínima máis baixa rexistrada na primavera de 2026 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
12/04/2026	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-5.3
29/03/2026	Baltar	BALTAR	Ourense	-5.1
12/04/2026	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-2.9
12/04/2026	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-2.8
01/03/2026	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-2.6
12/04/2026	Melide	MELIDE	A Coruña	-2.3
12/04/2026	Morelle	SARRIA	Lugo	-2.3
29/03/2026	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-2.3
12/04/2026	Feiranova-Santaballa	VILALBA	Lugo	-2.3
12/04/2026	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-2.2

Na **Figura 2**, pódese ver o mapa das desviacións da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dunha primavera cunha anomalía media positiva, segundo os valores do mapa, de 1.7 °C. Os valores máis altos de anomalía de temperatura media, superiores aos 2.5 °C, localízanse, principalmente, en áreas do leste e sueste da provincia de Ourense. Pola contra, os valores máis baixos, de entre 0.5 e 1.0 °C, concéntranse na contorna da Costa da Morte, das rías de Muros e Noia e de Arousa e da Serra dos Ancares.




Figura 2: Mapa de anomalías da temperatura media (°C) na primavera 2026.



2.2. Precipitación

No conxunto dos meses de marzo, abril e maio, pódese cualificar esta **primavera** como **moi seca, a cuarta máis seca desde que hai rexistros**, cunha cantidade de precipitación media acumulada de **160 L/m²** e unha porcentaxe de precipitación un **46 % inferior** ao valor climático no período de referencia 1981-2010.

As precipitacións acumuladas ao longo do mes de **marzo** quedaron, en conxunto, moi por debaixo do que cabería agardar nun mes normal, sobre todo no interior da metade sur. Isto débese a que as fronteiras que chegaron na primeira quincena do mes non foron moi activas e, a partir do día 15, a situación en Galicia estivo dominada polas altas presións e a estabilidade e apenas se rexistraron precipitacións. O valor da **precipitación media acumulada** foi **35 L/m²**, mentres que o valor medio da **anomalía da precipitación** foi un **65 % inferior** ao valor climático normal. Estes datos fan que o mes poida considerarse como **moi seco**.

En **abril**, a cantidade de precipitación acumulada quedou bastante por debaixo do valor habitual, debido á baixa actividade das borrascas que, de xeito ocasional, apareceron ao longo do mes. Na derradeira semana do mes, aparecían fenómenos tormentosos que, nalgúns lugares concretos, aumentaron a cantidade de precipitación acumulada, pero, agás en áreas illadas dos extremos sur e sueste, sen chegar a valores que se poidan considerar normais para a época do ano. O valor medio da **precipitación acumulada** foi **35 L/m²** e a **anomalía** foi un **69 % inferior** ao valor climatolóxico. Estes datos fan que o mes poida considerarse como **moi seco**. Ademais, dos vinte e seis anos da serie de datos nos que choveu por debaixo dos valores normais de referencia do período 1981-2010, abril de 2026 ocupa a cuarta posición.

O mes de **maio** foi **normal** en canto ás precipitacións, debido á compensación entra as zonas con exceso da metade leste, onde predominaron as precipitacións en forma de chuvascos e treboadas, e as zonas con déficit da metade oeste, onde as fronteiras que chegaron non foron tan activos coma outros meses de maio. O valor medio da **precipitación acumulada** foi **90 L/m²**. A **anomalía de precipitación** para este mes de maio foi **nula** con respecto ao valor climatolóxico. Ademais, dos vinte e tres anos da serie de datos nos que choveu por debaixo dos valores normais de referencia do período 1981-2010, maio de 2026 ocupa, como o mes predecesor, a cuarta posición.

Na **Figura 3**, móstrase a precipitación total acumulada nesta primavera de 2026. Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada foi 177 L/m². As cantidades de precipitación máis elevadas acadáronse en zonas montañosas do leste e sueste da Comunidade e en áreas do oeste e suroeste da provincia da Coruña, con valores entre 230 e 270 L/m². Os acumulados de precipitación máis baixos, comprendidos entre 100 e 130 L/m², localízanse no val do río Sil na Comarca de Valdeorras, en áreas das Depresións de Lemos, Ourense ou da Limia e na Costa da Morte, entre as Illas Sisargas e o Cabo Touriñán.




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada (mm) na primavera 2026.



A **Táboa 5** contén unha lista das estacións meteorolóxicas que rexistraron a máxima cantidade de precipitación nesta primavera de 2026.

Táboa 5: Precipitación máxima acumulada na primavera 2026			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	302
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	274
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	264
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	256
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	251
Cee-Brens	CEE	A Coruña	248
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	247
Coto Muíño	ZAS	A Coruña	242
Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	241
A Pontenova	A PONTENOVA	Lugo	241

Pola contra, na **Táboa 6**, preséntase unha lista coas estacións meteorolóxicas que recolleron a cantidade mínima de precipitación nesta primavera de 2026.

Táboa 6: Precipitación mínima acumulada na primavera 2026			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	98
Remuíño	A ARNOIA	Ourense	100
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	101
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	106
Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	107
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	108
Torrequeintás	MEIS	Pontevedra	108
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	109
Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	115
Santiago-San Lázaro	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	115

Na **Figura 4**, pódese ver a porcentaxe de precipitación na primavera de 2026 con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. Tal e como se pode ver no mapa, non houbo ningunha zona da Comunidade con anomalías positivas. Así, o valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 46 % inferior ao período de referencia 1981-2010. O déficit máis alto de precipitación rexistrouse nas comarcas do Sar, Santiago e A Coruña, cun 60 % inferior ao normal, mentres que as menores anomalías, de entre un 10 % e un 30 % por debaixo do normal, acadáronse no extremo leste da Comunidade, no entorno das Serras de Meira e do val do río Navia.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada na primavera de 2026 con respecto aos valores normais do período 1981-2010.

3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN

3.1. Temperatura

Na **Figura 5**, móstrase a evolución da **temperatura media** da primavera desde o ano 1961. O valor medio da temperatura media da primavera de 2026, obtido a partir da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional, acadou un valor de **13.8 °C**.




Figura 5: Evolución da temperatura media (°C) na primavera para a serie rexional galega.

Así, a **anomalía da temperatura media** para Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas e simbolizada na **Figura 6**, foi **1.4 °C superior** ao valor climático do período de referencia 1981-2010. Iso fai que, segundo os criterios da táboa 0.1, poidamos falar dunha **primavera moi cálida**. O precedente máis cálido atopámolo na primavera de 2023.




Figura 6: Evolución da anomalía de temperatura media (°C) en primavera, considerando o período de referencia 1981-2010.



A **Táboa 7** compara o valor da **temperatura media da primavera de 2026** cos valores climáticos dos períodos de referencia 1971-2000 e 1981-2010. Así, vemos que a primavera do ano 2026 amosa unhas anomalías positivas de 1.9 °C e de 1.4 °C, respectivamente.

Temperatura media primavera (°C)		
2026	1971-2000	1981-2010
13.8	11.9	12.4

Táboa 7: Comparación entre a temperatura media da primavera 2026 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados

Na **Táboa 8**, móstrase a **temperatura media dos meses de primavera** e a comparación cos valores climáticos de referencia. Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, **marzo, abril e maio** considéranse **moi cálidos**.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2026	1971-2000	1981-2010
marzo	11.8	10.3	10.8
abril	13.5	11.5	11.9
maio	16.1	13.9	14.4

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media dos meses de primavera 2026 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Na **Táboa 9**, pódese observar a **temperatura media das mínimas** na estación de primavera de 2026 e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentís das series das mínimas, esta primavera foi **moi cálida**, case extremadamente cálida, cunha anomalía de 1.1 °C con respecto ao último período de referencia.

Temperatura media das mínimas en primavera(°C)		
2026	1971-2000	1981-2010
8.2	6.8	7.1

Táboa 9: Comparación entre a temperatura mínima media na primavera 2026 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados.

Mensualmente e tomando como referencia o período 1981-2020, **marzo** resultou **moi cálido**, **abril cálido** e **maio extremadamente cálido**.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2026	1971-2000	1981-2010
marzo	6.5	5.1	5.5
abril	7.3	6.4	6.6
maio	10.8	8.8	9.1

Táboa 10: Comparación entre a temperatura mínima media dos meses da primavera 2026 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.



Por último, na **Táboa 11**, pódese observar a **temperatura media das máximas** na estación de primavera de 2026 e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentís das series das máximas, esta primavera foi **moi cálida**, cunha anomalía de 0.8 °C por riba do valor climático do último período de referencia.

Temperatura media das máximas en primavera (°C)		
2026	1971-2000	1981-2010
19.4	17.1	17.6

Táboa 11: Comparación entre a temperatura máxima media na primavera 2026 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados.

A escala mensual e comparando os datos co período de referencia 1981-2010, o mes de **marzo** resulta **cálido** e os meses de **abril e maio moi cálidos**.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2026	1971-2000	1981-2010
marzo	17.0	15.6	16.1
abril	19.7	16.5	17.1
maio	21.4	19.1	19.7

Táboa 12: Comparación entre a temperatura máxima media dos meses da primavera 2026 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

3.2. Precipitación

Na **Figura 7**, pódese ver a evolución da **precipitación media acumulada** na primavera desde o ano 1961. O valor medio da precipitación acumulada na primavera de 2026, obtido a partir da precipitación media das dezaseis estacións que compoñen a serie rexional, foi **160 L/m²**.




Figura 7: Evolución da precipitación media acumulada (L/m²) na primavera para a serie rexional galega.

Esa cantidade de precipitación representa unha **porcentaxe de precipitación** para esta primavera en Galicia un **46 % inferior** á media climática do período 1981-2010. Isto fai que esta **primavera** se poida considerar **moi seca** e sexa **a cuarta primavera máis seca da serie histórica**, co precedente máis seco no ano 1990.




Figura 7: Evolución da anomalía de precipitación (%) na primavera, considerando o período de referencia 1981-2010.



Na **Táboa 13**, móstranse, ademais do **valor medio da precipitación acumulada** na primavera 2026, os valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A porcentaxe de precipitación nesta primavera foi un 46 % inferior ao normal con respecto aos períodos 1971-2000 e 1981-2010.

Precipitación acumulada estacional (L/m ²)		
2026	1971-2000	1981-2010
160	311	312

Táboa 13: Comparación entre a precipitación media acumulada na primavera de 2026 e os valores climáticos

O estudo mensual da precipitación acumulada nesta primavera recollido na **Táboa 14**, mostra uns meses de **marzo** e **abril moi secos** e un mes de **maio normal**, respecto ao período de referencia 1981-2010.

Precipitación acumulada por mes (L/m ²)			
Mes	2026	1971-2000	1981-2010
marzo	35	98	100
abril	35	111	115
maio	90	102	96

Táboa 14: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de primavera e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

4 DIAGRAMA DE TERMOHIETAS

Na **Figura 9**, pódese ver o diagrama de termohietas da estación de primavera, tendo en conta o **total de datos da serie rexional** e non só o período 1981-2010. Nel, obsérvase que a primavera de 2026 entra dentro do **grupo das cinco estacións de primavera máis anómalas** da serie histórica, considerando en conxunto a temperatura media e a precipitación, ao superar o percentil 80 na temperatura (T80) e quedar por debaixo do percentil 20 (P20) na precipitación.




Figura 9: Diagrama de termohietas para a estación de primavera desde 1961.

MeteoGalicia

Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral

Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático